



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA **POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 06/09/2008.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. José RomeroLedo.

Concelleiros ausentes:

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafin Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos do día seis de setembro de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinteoito de xuño do presente ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non ténndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO.- ACORDOS SOBRE ACORDOS SOBRE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, E DO CONVENIO CO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A EXECUCIÓN CONXUNTA DUNHA OBRA.

Dase conta polo Concelleiro Sr. Gudín do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, da cantidade que corresponde a este Concello e dos proxectos redactados para as obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo, que son as de ampliación da rede de abastecemento de auga denominado "Bombeo e abastecemento de auga á zona de Corrás (San Sadurniño)", nunha zona que xa conta con rede de sumidoiros e cubrindo o abastecemento da área recreativa e a piscina de Corrás, e a de "Aglomerado da estrada de Castrelo (San Sadurniño) ata a intersección coa estrada CP-2502 (Valdoviño)", que se vai realizar en parte no término de Valdoviño, mediante convenio a asinar con ese Concello, nos termos xa acordados e que vai ser aprobado nesta sesión, consistindo a obra nunha ampliación da



calzada e un rego con aglomerado. O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Toma a palabra o Sr. Bedoya, que di que en principio están conformes coa obra na pista que une con Valdoviño, aínda que é unha pena que no se arranxaran antes os problemas relativos ó deslinde entre ámbolos dous términos municipais, indicando sen embargo que novamente se fai o que antes se criticaba, amañar pistas. Polo referido á ampliación do abastecemento de auga na zona de Corrás, di que a memoria do proxecto non di nada, nin a ubicación da estación de bombeo, que pensa que vai ter que estar próxima á capela de Belén, co que precisaría autorización previa de Patrimonio. Di tamén que se trata de cumprir compromisos electorais coa excusa do abastecemento da piscina, porque na zona de Prospes xa hai auga, e cuestiona tamén a conveniencia do bombeo, cando podería ser posible outra solución que resolvese ese abastecemento por presión, co conseguinte aforro, ademáis de que a titularidade da zona na que se fará a obra está pendente dunha sentenza xudicial. Manifesta para rematar o Sr. Bedoya a súa disconformidade con que non se poda votar separadamente cada unha das obras, coa pouca información que se deduce dos proxectos e co feito de que non se intente un consenso previo polo grupo de goberno, razóns polas que o seu grupo se absterá na votación.

Interven de seguido o Sr. Márquez, para dicir que o abastecemento de auga a vivendas é unha das súas prioridades, e que entende que hai un compromiso de tódolos concelleiros, de atender necesidades e de ampliar os servizos que reciben os veciños, que é o único que lle afecta, polo que apoiará a proposta.

Fala de seguido o Sr. Alcalde, para dicir que o da pista non é un amaño, senon unha transformación dunha pista existente, para unha mellor vertebración do territorio xa que une dúas estradas da Deputación con moito tránsito. Polo referido ó deslinde, non é preciso para executar esa obra, e ademáis este grupo de goberno non busca pleitos. Polo referido á ampliación da auga, considera preocupante que se critique porque terá poucos usuarios, xa que pode haber máis próximamente e ademáis trátase de completar servizos e de mellorar a súa calidade. Resposta tamén que antes non se daban copias de nada ós concelleiros da oposición, que estes tiveron o proxecto á súa disposición e que a estación de bombeo vai en terreo público e soterrada, para evitar o impacto visual, e tamén que, ó contrario do que se facía en anteriores lexislaturas, prantéxase o acordo cando aínda hai tempo para posibles rectificacións, aínda que non se presentaron propostas alternativas polo PP. Di finalmente que en Prospes soamente hai algunha casa con auga municipal, e que ademáis, como xa manifestou o Sr. Gudín, trátase de ampliar de xeito circular a rede municipal, para simplificar posteriores reparacións. Por outra banda, a piscina require auga tratada, o que non ten agora e terá con esta ampliación.

O Sr. Bedoya interven de novo para dicir que o anterior goberno nunca comezou pleito algún polos límites do Concello, e que no caso concreto de Valdoviño non foi por San Sadurniño que on se chegara a acordo algún. Respecto a esa mesma obra, di tamén que espera que o seu ancheamento sexa en terreo público. Polo referido á obra do bombeo, agora que xa se dixo onde irá a estación, indica que se trata dun terreo pendente de decisión xudicial definitiva sobre a titularidade, reitera que pode ser un compromiso electoral, aínda que non sexa do PSOE, e remata decindo que hai que dar auga a todos, pero que se fará un investimento excesivo e se asumirá un mantemento costoso.

O Sr. Alcalde pide ó Sr. Bedoya que indique claramente se quere ou non que se leve a auga a Corrás, e o Sr. Bedoya resposta que hai que utilizar a imaxinación, e que as obras anteriores sempre evitaron bombeos e adoptaron outras solucións.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis



votos favorables, dos concelleiros dos grupos do BNG e PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda:

1º.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación da obra	Orzamento Total	Achega Municipal	Achega Provincial
"Bombeo e abastecemento de auga á zona de Corrás (San Sadurniño)"	115.199,78	5.759,99	109.439,79
"Aglomerado da estrada de Castrelo (San Sadurniño) ata a intersección coa estrada CP-2502 (Valdoviño)"	San Sadurniño: 101.266,21 Valdoviño: 49.877,39 Total: 151.143,60	5.063,31	96.202,9
TOTAL	216.465,99	10.823,3	205.642,69

2º.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2009 e que se relacionan no punto anterior.

3º.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

4º.- Para o financiamento da achega municipal, este Concello comprométese a incluír no presuposto municipal correspondente crédito dabondo para o seu financiamento.

5º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello restá ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Aprobar o Convenio a asinar co Concello de Valdoviño para a execución conxunta da obra que afecta ós dous concellos, segundo o indicado nas bases reguladoras do PCC 2008-2011, cuxa parte dispositiva ou clausulado literalmente di:

"PRIMEIRA.- Os Concellos de San Sadurniño e Valdoviño comprométese, no marco das Bases Reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011, da Deputación Provincial da Coruña, á realización conxunta da obra de "Aglomerado da estrada de Castrelo (San Sadurniño) ata a intersección coa estrada CP-2502 (Valdoviño)", segundo proxecto redactado polo enxeñeiro Marcelino López Méndez, cun presuposto de execución por contrata por importe de 151.143,60, pertencente á rede viaria local intermunicipal e que discurre polos términos municipais de ámbolos dous Concellos, que son colindantes. Este proxecto considérase parte do presente Convenio.

SEGUNDA.- O Concello de San Sadurniño, por cuxo término municipal pasa a maior parte do camiño obxecto do presente Convenio, será a administración encargada da contratación e execución da obra, con sometemento ó establecido nas Bases Reguladoras sinaladas na cláusula anterior. O Concello de Valdoviño poderá intervir no control da execución da obra, no que afecte ó seu término municipal, a través da Concellería competente ou da Alcaldía de San Sadurniño.

TERCEIRA.- Establécese unha distribución da obriga de financiar a execución da obra de que se trata entre ámbolos dous Concellos, relacionada coa porcentaxe do seu presuposto de execución por contrata que corresponde a cada un deles, como de seguido se indica:

Concello de San Sadurniño: 67 %



Concello de Valdoviño: 33 %

Estas porcentaxes aplicaranse sobre o importe da adxudicación do contrato, IVE engadido, tras a tramitación do necesario expediente para a selección de contratista, para calcular o importe do prezo de adxudicación que corresponderá aboar a cada Concello.

O Concello de Valdoviño solicitará da Deputación Provincial da Coruña, no mesmo acordo plenario de solicitude de participación no PCC 2008-2011 e de aprobación do presente convenio, que a cantidade coa que deba contribuir á financiación da obra de que se trata sexa transferida directamente ó Concello de San Sadurniño.

CUARTA.- Os honorarios pola redacción do proxecto da obra obxecto do presente Concenio serán facturados ós dous Concellos, calculando o importe correspondente a cada un deles mediante a aplicación das mesmas porcentaxes sinaladas na cláusula terceira.

QUINTA.- Os compromisos establecidos para as partes nas cláusulas precedentes poderán ser revisados de mutuo acordo en caso de que se considere necesario, ou suspendidos por denuncia dalgunha das partes."

8º.- Facultar ó Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

TERCEIRO.- APROBACIÓN DE ORDENANZA XERAL SOBRE PREZOS PÚBLICOS.

Dase conta polo Concelleiro de Facenda, Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da Ordenanza de que se trata, explicando que se trata dunha figura fiscal innovadora para este Concello, no que sempre se fixeron ordenanzas reguladoras de cada tributo. O Sr. Soto explica tamén as características diferenciais de taxas e prezos públicos e clarexa que haberá un desenvolvemento administrativo, cos estudos de custos e acordos correspondentes, para cada un dos actos aplicativos desa Ordenanza. O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello, e infórmase polo Sr. Secretario que o acordo a adoptar require a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Toma a palabra o Sr. Bedoya, que di que, tal como se manifestou na Comisión Informativa, o seu grupo está de acordo coa proposta de que se trata.

Interven de seguido o Sr. Márquez, para dicir que a Ordenanza de que se trata é necesaria para o Concello, polo que está conforme coa proposta.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, o que representa a maioría do seu número legal de membros, acorda prestarlle a súa aprobación á aprobación dunha nova Ordenanza Fiscal, a número 19, Xeral de Prezos Públicos, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos trámites precisos para a súa posta en vigor, e coa especificación de que, no caso de que non se presentasen reclamacións durante a exposición pública, entenderíase definitivamente adoptado o presente acordo, encumprimento do establecido no artigo 17-4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CUARTO.- TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN, NO SEU CASO, DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta do Convenio tipo de colaboración asinado o 20 de xuño coa Consellería de Innovación e Industria, para consolidar e mellorar o proxecto piloto para a implantación de redes de telecomunicación sen fíos de acceso público a internet e para o funcionamento dun centro de dinamización e formación en tecnoloxías da infoamación e as comunicacións.

Dase conta tamén do Concenio de cooperación asinado tamén coa Consellería de Innovación e Industria, para a recuperación e posta en valor dos xardíns do pazo da Marquesa.



Infórmase tamén ó Pleno que a Deputación aceptou a prórroga na delegación de competencias en materia tributaria por parte deste Concello, segundo anuncio publicado no BOP do 23 de agosto pasado.

A Corporación queda enterada e conforme co contido dos referidos documentos.

URXENCIA. Antes de pasar ó quinto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción relativa á compensación ós concellos con centrais hidroeléctricas e parques eólicos pola redución do IBI, que é un asunto que afecta a moitos concellos en Galicia, e directamente a San Sadurniño, pola redución da cantidade que se ingresará polo parque eólico do Forgoselo, precisamente neste tempo de crise económica.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA-PRIMEIRO.- MOCIÓN PARA COMPENSAR ÓS CONCELLOS CON CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS E PARQUES EÓLICOS POLA REDUCCIÓN DO I.B.I.

O Sr. Soto pasa a ler a moción de que se trata, que literalmente di:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O R.D. 1464/2007, polo cal se aproban as normas técnicas de valoración catastral, establece tanto as normas específicas de valoración como os coeficientes correctores diferenciados que deberán ter en conta os concellos para fixar o IBI sobre os Bens Inmóbeis de Características Especiais (BICES), tais como centrais hidroeléctricas, parques eólicos, estradas e autoestradas, etc. A nova normativa tamén atribúe ao Catastro a exclusividade para levar a cabo as ponencias de valores, tomando, como único criterio o método de valoración do citado R.D., que recolle os módulos contemplados nos anexos para cada unha das clases de bens inmóbeis de características especiais.

Esta nova lexislación afectou negativamente a boa parte dos concellos galegos con centrais hidroeléctricas, grandes encoros e presas, xa que os valores catastrais deste tipo de bens e instalacións teñen reducido, cos novos criterios de valoración, os ingresados e consolidados no ano 2007 e anteriores. Desta forma, a recadación por IBI, unha das principais fontes de ingresos das arcas municipais xa de por sí deficitarias, ten diminuído considerablemente.

Por outra banda, o citado Real Decreto non ten en conta a sentenza do Tribunal Supremo do ano pasado, pola que se estimou a reclamación da FEGAMP. Esta sentenza establece, a efectos do IBI, a consideración como Bens Inmóbeis de Características Especiais dos parques eólicos en rexime especial. Porén, ao non estar incluído o contido da sentenza no Real Decreto, moitos municipios enfróntanse ao problema de que o catastro non realiza a correspondente valoración sobre estes novos BICES.

É por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorable do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte



ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandarlle:

1.- Compensar economicamente aos concellos galegos que, debido á aplicación do Real Decreto 1464/2007, vexan reducida a recadación do IBI debido á minoración na valoración dos seus Bens Inmóbeis de Características Especiais, habilitando a tal efecto as partidas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado para os vindeiros anos.

2.- Modificar o Real Decreto 1464/2007, de xeito que se inclúa o contido da sentenza do Tribunal Supremo do 30 de maio do 2007 sobre a consideración fiscal dos bens destinaados á produción de enerxía eléctrica en réxime especial, como son os parques eólicos."

3.- Formular estas mesmas demandas diante da Federación Galega de Municipios e Provincias, demandándolle a realización das accións necesarias a tal finalidade.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que o seu grupo está de acordo co contido da moción, porque os concellos son sempre os que pagan as consecuencias das crises, pero que o BNG podía pedir esto mesmo desde a súa posición de socio do goberno da Xunta, que entende que se faría máis forza.

O Sr. Márquez manifesta a súa aceptación do contido da moción.

O Sr. Soto interven brevemente de novo para indicar que, máis que a Xunta, quen debería asumir como propia esta reivindicación sería a FEGAMP, que noutras ocasións ten defendido enérxicamente outros intereses municipais, e o Sr. Bedoya propón que se inclúa á FEGAMP na moción, transmitíndolle tamén as solicitudes que nela se formulan.

Seguidamente, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda a aprobación da moción de que se trata.

QUINTO- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya formula un rogo relativo á piscina municipal, que este ano non funcionou como sería desexable, como os anos anteriores, presentando deficiencias na limpeza e na cloración, que parece que aínda se fixo a man algún día.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para dicir que se toma en consideración o rogo, e que aínda que xurdiron algúns pequenos problemas coa piscina, polo cambio do sistema de xestión, que permitiu aforrar cartos, as inspeccións que se fixeron por Sanidade sempre foron favorables.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya polo estado de tramitación do PXOM, a cando poderán os concelleiros ter acceso ós seus documentos, respostádoselle polo Sr. Alcalde que a empresa entregou estes días o documento para o informe previo á aprobación inicial, e que pronto se mostrará ós axentes sociais e tamén á oposición.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya polas obras que se van facer nos xardíns do Pazo, segundo o convenio asinado con Industria que apareceu na prensa, e di que lle parece ben, pero que non sabe se a cesión de uso feita pola superiora da congregación que utilizaba o edificio nun simple documento privado é suficiente para que se poda gastar diñeiro público neses xardíns, e pregunta tamén como están as xestións que se veñen realizando para obter a titularidade dese monumento.

O Sr. Alcalde resposta que o Conselleiro, que asinou o convenio, estaría axeitadamente asesorado para elo, e que a actuación vaise a realizar con cargo ó orzamento da Xunta, e vai recuperar para o uso xeral un xardín emblemático e singular que foi no seu tempo patrimonio duns poucos. Pregunta á súa vez o Sr. Alcalde ó Sr. Bedoya se lle preocupa que se faga esta obra, e o Sr.



Bedoya di que o que lles preocupa é a legalidade desta actuación, e pregunta polas previsións de que ese edificio fora destinado a residencia para a terceira idade, respostándose polo Sr. Alcalde que os técnicos decidiron que era mellor contruir un novo edificio.

En relación co centro de día, pregunta de seguido o Sr. Bedoya pola solicitude que se fixo á Deputación de axuda para a financiación do 10% que este Concello debe aportar á obra, e se existe consignación no presuposto para a sinatura do convenio correspondente e para facer fronte a esa aportación.

O Sr. Alcalde resposta que existe consignación suficiente no capítulo 6 de gastos, que a convocatoria da Deputación de fixo precisamente para financiar estas cantidades e que, aínda sen axuda da Deputación, considérase un investimento ó que se debe contribuir gustosamente.

A seguinte pregunta do Sr. Bedoya refírese á aplicación no concello da Lei de dependencia, en concreto cantas persoas dependentes solicitaron valoración, respostándose pola Sra. Muiño que cento un exactamente. O Sr. Bedoya pregunta cantas desas solicitudes resolveu Vicepresidencia e se xa teñen a súa proposta de actuación feita, e a Sra. Muiño resposta que hai solicitudes que non afectan ó Concello e das que non se ten coñecemento, que afectando ó servizo de axuda no fogar hai catro resolucións, e que a proposta é anterior á resolución. O Sr. Bedoya pregunta cantos veciños están recibindo entón o servizo, e a Concelleira da área resposta que en breve iniciarase a prestación a estes catro casos.

De seguido pregunta o Sr. Bedoya polo deslinde con Moeche, e o Sr. Alcalde di que se falará con ese Concello para interpretar a sentenza do deslinde e con carácter xeral, coa idea de acadar acordos satisfactorios cos concellos limítrofes, porque o grupo de goberno entende que non procede recurrir a sentenza.

Pregunta a continuación o Sr. Bedoya pola factura aprobada polo Xunta de Goberno do 4 de agosto, relativa á organización da actividade Aldea de Verán, e se vai haber outra factura igual en agosto, respostándose que si, que esa actividade conta con financiación da Deputación e que a súa continuidade para próximos anos depende da avaliación que se faga ó remate da mesma. O Sr. Bedoya di que debería buscarse outra ubicación para esa actividade, e o Sr. Alcalde resposta que a valoración da actividade foi boa polos usuarios, e que xa está previsto buscar outra ubicación.

Pregunta tamén o Sr. Bedoya se non se está duplicando a previsión de actuacións no río Aceiteiro, porque existen dous proxectos para actual nel; o Sr. Alcalde di que unha cousa é o proxecto para unha escola obradoiro que actuaría nesa zona en xeral e outra o proxecto concreto que habería que realizar nos muiños do río. O Sr. Bedoya di que os proxectos que se fan están resultando moi caros, e que outras empresas os fan facturando menos. O Sr. Alcalde di que os técnicos que traballan para o concello aplican os descontos previstos para administracións na súa facturación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e oito minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,